



DISCURSO DO ALCALDE DE ASÍS, CLAUDIO RICCI, NA CERIMONIA DE IRMANDAMENTO ENTRE SANTIAGO DE COMPOSTELA E ASÍS.

Xoves 24 de xullo de 2008
Pazo de Raxoi

Alcalce de Santiago de Compostela,
Autoridades
Querido Profesor Paolo Caucci,

Xunto á delegación de Asís, traémosvos o saúdo da Seráfica cidade, importante Municipio Romano, que, desde a idade media, está unida aos valores dos santos Francisco e Chiara.

Asís, que o Poeta Dante Alighieri chamou "a última meta do espírito", viu, nestes anos, "renacer as súas pedras vividas", con moitas obras de restauración e a mirada dirixida a 2009: VIII° centenario do nacemento do franciscanismo, de onde xurde tamén a arte pictórica occidental.

Santiago e Asís, dúas cidades ás que a historia asignou o sublime papel de "lugares da alma". Lugares que acolleron e arrolaron as esperanzas dos peregrinos que, en 1216, se dirixían a Santiago, Asís, Roma e a Terra Santa: "As metas da indulxencia".

Ao largo dos camiños de occidente naceron as "catedrais do espírito", a identidade e a cultura europea. Camiños que conducían á Gloria de Deus.

San Francisco e Santiago, dous "monumentos para a humanidade" divididos por séculos de historia pero unidos polo desexo de atravesar os camiños do Mundo. San Francisco, segundo os Fioretti, foi por dúas veces "Peregrino a Santiago" e hoxe atópanse aquí os indicios da súa fe: monumentos, mosteiros, igrexas.

Santiago era un dos tres máis fieis apostoís de Xesús, fidelidade aos valores. A peregrinación é o símbolo da Fe, é o símbolo da "Parada" como tempo de contemplación para cumprir o verdadeiro camiño interior a través do que podemos achegarnos a cada persoa que atopamos na vida.

Todos temos que facer máis “paradas”, temos que parar e dar valor aos símbolos, aos xestos de cada momento, valor ao desexo de soste aos máis débiles, valor á simplicidade, “ao pequeno” do que descende a inmensidade da creación.



Asís e Santiago, dous lugares onde se chega sempre por primeira vez. Dúas cidades de onde non se parte nunca, lugares onde permanece o noso espírito.

Do diálogo entre as cidades depende o diálogo e a Paz entre os países. Por isto trataremos de promover os valores espirituais e culturais de San Francisco de Asís e Santiago, xuntando os dous camiños na busca dos cumios máis altos da humanidade.

Do 10 ao 12 de outubro, con ocasión da próxima festa nacional, regresaremos e farémolo utilizando os camiños do ceo, que son os novos camiños dos peregrinos, utilizando un avión dende Asís a Santiago”, desexando a apertura dunha nova “liña aérea” nos ceos de Europa.

A palabra “Compostela” significa “Campo da estrela”, estrelas luminosas que conduciron aos viaxantes polos camiños dos homes. Viaxes, frecuentemente difíciles. Por isto aos peregrinos se lles desexaba ir sempre máis adiante e sempre máis alto, cara a esperanza.

Grazas, aquí atopamos unha nova casa. Grazas.